

ACORDO INTERNO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EN DEPENDENCIAS PROPIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios co obxectivo de permitirlles aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

A Universidade de Vigo dispón dun Regulamento propio de prácticas académicas externas do alumnado aprobado no Consello de Goberno o día 29 de Abril do 2021 e modificado no Consello de Goberno do 22 de novembro de 2023.

Segundo establece este regulamento, para que o estudantado poida realizar prácticas nas dependencias propias da Universidade de Vigo deberá asinarse un Acordo Interno entre a persoa responsable académica do centro educativo ou da comisión académica do mestrado correspondente e a persoa responsable da dependencia que o acolle. No suposto de servizos e unidades administrativas, este acordo será revisado pola Xerencia e, no resto dos casos (grupos ou centros de investigación), pola vicerreitoría competente en materia de prácticas (artigo 16.6).

Así mesmo, os servizos e unidades administrativas propias da Universidade de Vigo poderán acoller en prácticas estudantes da propia universidade, sempre que estas prácticas sexan curriculares e teñan un obxectivo exclusivamente formativo. Os grupos e centros de investigación poderán acoller alumnado dos graos ou mestrados nos que a adquisición e o desenvolvemento de competencias de investigación estean recollidas na memoria do título (artigo 16 1 e 2).

Quedan excluídas do amparo desde convenio as estadias para realizar Traballos Fin de Grao ou Traballos Fin de Mestrado (artigo 2.2).

Ao abeiro destes regulamentos asínase o seguinte acordo entre as partes que se sinalan:

1. ESCOLA/FACULTADE DE ORIXE

Nome e apelidos da persoa responsable: _____

2. CENTRO, SERVIZO OU UNIDADE DE DESTINO

Nome e apelidos da persoa responsable: _____

3. ESTUDANTE EN PRÁCTICAS

Nome e apelidos: _____

NIF/NIE/Pasaporte: _____

Titulación: _____

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste acordo é regular aquelas prácticas académicas externas curriculares que se leven a cabo nos centros, servizos e unidades administrativas propios da Universidade de Vigo. Salvo unha causa xustificada, só se aceptará a realización de prácticas extracurriculares nestas dependencias cando deriven de compromisos adquiridos por medio dun convenio específico. Atendendo o Regulamento de prácticas académicas externas, tanto o compromiso do/a estudante como o proxecto formativo das prácticas e condicións nas que se implementarán quedarán recollidos nos

documentos elaborados a estes efectos, os cales están publicados na páxina *web* da Área de Emprego e Emprendemento.

Segunda. Centros que poden acoller estudantes en prácticas

Inclúen os centros singulares de investigación, centros de apoio á investigación, as entidades vinculadas e as agrupacións estratéxicas. A excepción do alumnado matriculado nun Mestrados no que a adquisición e o desenvolvemento de competencias de investigación estean recollidas na memoria do título, e a súa comisión académica así o considere, exclúense as prácticas nos grupos de investigación.

Terceira. Vinculación entre o/a estudante e a dependencia que o/a acolle

As prácticas realizadas ao abeiro deste acordo non constitúen unha relación laboral entre o/a estudante e a Universidade, polo que da súa relación non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral. Nas tarefas a desenvolver durante as prácticas polo estudantes non poderán incluírse as propias do persoal de administración e servizos destinado no servizo ou dependencia, nin constituír de feito a súa substitución en ningún caso.

Cuarta. Requisitos

O estudantado que realice estas prácticas deberán estar matriculado na materia vinculada, segundo o plano de estudos de que se trate. No caso excepcional de que as prácticas sexan extracurriculares o/a estudante deberá ter superados o 50 % dos créditos necesarios para obter o título que estea cursando e seguir matriculado na titulación durante o período da práctica.

Quinta. Duración das prácticas

Data Inicio y fin: de _____ ata _____

Estas prácticas terán unha duración máxima de _____ horas, non superando en ningún caso a duración máxima establecido no Regulamento de prácticas académicas externas desta Universidade.

Sexta. Horario

O horario das prácticas adaptarase aos horarios lectivos. O/a estudante terá dereito a realizar as probas de avaliación correspondentes aos estudos nos que se atopa matriculado/a e o servizo ou dependencia concederalle os permisos necesarios para asistir a elas.

Sétima. Cobertura do seguro

Calquera eventualidade de accidente ou de responsabilidade civil que se puidese producir no tempo de realización das prácticas estará cuberta, segundo o caso, polo seguro escolar ou polo seguro de accidentes ou de responsabilidade civil contratados para este fin pola Universidade de Vigo.

Oitava. Inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice prácticas académicas externas rexerese polo establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do Real Decreto 2/2023, do 16 de marzo, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

En relación coas obrigas recollidas ao amparo da devandita disposición adicional, o estudantado que realice prácticas académicas externas incluídas en programas de formación quedan asimilados a traballadores/as por conta allea no Réxime Xeral.

En relación coas entidades responsables do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social:

- No caso das prácticas remuneradas ou prácticas extracurriculares: a responsabilidade da inclusión no sistema da Seguridade Social do estudantado (e dicir, de levar a cabo as altas e baixa da cotización e de solicitar a TXSS un código de conta de cotización especial) será da empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan as prácticas ou, no caso de programas específicos, das entidades que financien ou xestionen o programa de formación.
- No caso das prácticas curriculares de grado ou mestrado non remuneradas: a

responsabilidade do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social será de modo xeral da Universidade de Vigo.

- No caso dos títulos propios, o cumprimento das obrigas en materia de SS do alumnado en prácticas será o establecido no seu regulamento.

Novena. Contraprestacións económicas

Este acordo non supón ningún gasto para a Universidade de Vigo, polo que non se precisa unha consignación orzamentaria.

Décima. Deber de confidencialidade

O persoal que preste servizos no servizo ou dependencia no que o/a estudante realice as prácticas académicas externas estará suxeito ao deber de confidencialidade respecto dos datos persoais desas persoas dos que tiveren coñecemento durante o desenvolvemento das prácticas. Esta obrigaón manterase aínda cando finalizase o período de prácticas e aínda cando finalizase a relación profesional ou laboral dese persoal coa Universidade de Vigo. Do mesmo xeito, ao/á estudante que vaia realizar prácticas académicas externas nun servizo ou dependencia da Universidade esixiráselle a cobertura e sinatura do compromiso que figura como anexo para garantir a súa confidencialidade respecto dos datos persoais, sexa do propio persoal da Universidade como de terceiros, aos que puideran ter acceso durante o desenvolvemento das prácticas.

Décimo primeira. Avaliación da práctica

Para avaliar e cualificar as prácticas, tanto a persoa responsable do servizo/dependencia como a persoa responsable académica do centro do que depende a titulación, deberán cubrir un informe de cada estudante segundo os documentos elaborados a efectos de avaliación das prácticas externas que están publicados na *web* da Área de Emprego e Emprendemento.

Décimo segunda. Vixencia

Este acordo entrará en vigor a partires da data da súa sinatura e terá vixencia mentres duren as prácticas desenvolvidas de acordo á cláusula cuarta deste acordo.

Décimo terceira. Causas de resolución

Son causas de Resolución:

- a. O acordo unánime de todas as partes asinantes
- b. O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente Acordo Interno na data da última sinatura electrónica.

Visto. e praxe de:

Xerencia/Vicerreitoría
competente

O/a Responsable do
servizo/dependencia

O/a Responsable
académico do centro

D/Da. _____

D/Da. _____

D/Da. _____
